

Resolución conxunta do 29 de setembro de 2009, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, para premiar as mellores memorias resultantes dos proxectos escolares desenvolvidos dentro do marco da Rede de Educación do Consumidor, e para seleccionar novos proxectos presentados por centros educativos que desexen incorporarse á devandita rede.

A educación para o consumo oriéntase a desenvolver no alumnado capacidades relativas á comprensión da súa propia condición de consumidor, dos seus dereitos e deberes e do funcionamento da propia sociedade de consumo. Así mesmo, favorece a resolución de problemas relacionados co consumo e a autonomía de actuación e criterio.

O Libro Branco da educación para o consumo en Galicia (2003) establece nas súas recomendacións, recollidas en sucesivas programacións estratéxicas, a de crear novas actitudes nos consumidores para que sexan conscientes da súa forza no mercado e das súas responsabilidades, de tal maneira que, mediante os axeitados programas de formación e educación para o consumo, se consiga afondar na conciencia do cidadán como titular duns dereitos na súa condición de consumidor, pero tamén consciente das súas responsabilidades.

Un modo de conseguir a dita estratexia é a través da promoción da educación para o consumo mediante actuacións dentro do ensino regrado non universitario, cara a consolidar o desenvolvemento do contido transversal sobre consumo dentro da aula.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) (BOE número 106, do 4 de maio), determina como un dos principios inspiradores do sistema educativo español, a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade. Do mesmo xeito, considera como outro destes principios, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa. No seu artigo 2 sinala como fins do sistema educativo, entre outros, a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida activa, económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

A Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, atribúelle competencias en canto a orientar, formar e informar os consumidores e consumidoras sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e difundir o seu coñecemento, co fin de que sexan tidos en conta e respectados por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos. Así mesmo, é

un dos cometidos do Instituto Galego de Consumo impulsar a formación da cidadanía na súa vertente de persoas consumidoras propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos niveis do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.

A Rede de Educación do Consumidor, da cal Galicia forma parte desde o ano 1998, é un proxecto consolidado en que participan na actualidade, 16 comunidades autónomas (co apoio da Comisión Europea, o Instituto Nacional de Consumo e o Ministerio de Educación), ademais de varios países de Europa. Os seus obxectivos fundamentais son a realización de actuacións coordinadas de actividades de formación e información destinadas ao profesorado, o intercambio de experiencias (seminarios, cursos, concursos, intercambios nacionais e comunitarios) e a realización de materiais curriculares sobre a educación para o consumo na escola.

O Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria teñen establecidas liñas de actuación conxunta desde o ano 1998, cara a impulsar as actividades da Rede de Educación do Consumidor nos centros escolares.

Por todo isto,

DISPOÑEMOS:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto:

1. Convocar premios ás mellores memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor en Galicia.
2. Seleccionar novos proxectos de centros que desexen incorporarse á citada rede.

Artigo 2º.-Dotación económica.

A contía destinada a premiar as memorias dos proxectos realizados polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor é de 38.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009, na cal existe crédito adecuado e suficiente.

Artigo 3º.-Persoas destinatarias.

1. Poderán participar nesta convocatoria, na modalidade de premios ás mellores memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor, os equipos formados por profesorado e alumnado que, dentro dos centros educativos públicos e privados de Galicia, estiveran integrados na Rede de Educación do Consumidor durante o curso académico 2008/2009.

2. Poderán participar, na modalidade de selección de novos proxectos de centros que desexen incorporarse á rede, todos os centros educativos de Galicia de niveis non universitarios que desexen integrarse na Rede de Educación do Consumidor.

Artigo 4º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación da documentación para ambas as dúas modalidades, comezará ao día seguinte da publicación de esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 10 de novembro de 2009.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. Para participar na modalidade de premios ás mellores memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor, as memorias que se presenten deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Instancia dirixida á presidenta do Instituto Galego de Consumo, asinada polo coordinador ou coordinadora do proxecto, segundo o modelo do anexo I desta resolución.

b) Anexos en soporte informático dos materiais producidos, nos cales se inclúa unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas polo alumnado durante a experiencia.

c) Fotocopia da tarxeta do CIF do centro educativo.

d) Certificación da conta bancaria expedida pola entidade bancaria, na cal conste o código do banco, código da sucursal, díxito de control e código da conta corrente.

2. Para participar na modalidade de selección de novos proxectos presentados por centros que desexen incorporarse á rede, os proxectos de traballo que se presenten deberán ir acompañados da seguinte documentación:

a) Instancia dirixida á presidenta do Instituto Galego de Consumo, asinada polo/a director/a do centro escolar, segundo o modelo do anexo II desta resolución.

b) Acta do consello escolar do centro, na cal conste a aprobación do proxecto. No caso de que un proxecto abranga máis dun centro, xuntarase acta do consello escolar de cada un dos centros.

c) Xuntarase a acta do claustro do centro onde figuren o nome, apelidos e NIF do profesorado participante e do coordinador/a ou coordinadores/as do proxecto.

3. Os traballos presentarase por duplicado no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou do Instituto Galego de Consumo, a través das distintas delegacións provinciais ou polas

canles establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de proceder ao envío certificado por correo, a instancia que se debe xuntar ao traballo estará datada e selada pola oficina de correos previamente á súa certificación.

4. O Instituto Galego de Consumo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e a tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, o Instituto Galego de Consumo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito achegando identificación suficiente ao Instituto Galego de Consumo, avenida Gonzalo Torrente Ballester nº 1-5, 15707 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 6º.-Características das memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor.

1. Presentarase a memoria do traballo desenvolvido durante o curso escolar 2008/2009. O traballo, ou fase do proxecto trienal que concursa, deberá ser inédito que non recibise premio ou bolsa con anterioridade, nin sufragado pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas.

2. A memoria do traballo presentarase redactada en calquera dos dous idiomas oficiais de Galicia en soporte papel e informático, en formato Microsoft Word, e as imaxes en JPG. Esta memoria debe ter un máximo de dez folios máis os anexos correspondentes e nela reflectiranse:

- Obxectivos.
- Contidos desenvolvidos.
- Metodoloxía empregada.
- Actividades realizadas.
- Datos de realización.

-Enlaces coas seguintes fases do proxecto.

-Dimensión europea.

-Criterios e procedementos de avaliación.

-Valoración do profesorado e do alumnado sobre o traballo realizado respecto da consecución dos obxectivos previstos, agás o alumnado de infantil.

Artigo 7º.-*Características dos novos proxectos de centros que desexen incorporarse á rede.*

1. Debe desenvolverse un proxecto que deberá tratar sobre distintos aspectos da educación en consumo, e no cal deben participar, cando menos, catro profesores/as do centro durante un período de tres anos.

2. Deberá realizarse o esquema do proxecto de educación para o consumo responsable, seguindo o modelo que figura no anexo III desta resolución, e nel concretaranse, para a primeira fase do proxecto trienal (curso escolar 2009/2010):

-Descrición do proxecto e niveis educativos a que vai dirixido.

-Obxectivos.

-Contidos que se van desenvolver.

-Metodoloxía que se empregará.

-Actividades previstas.

-Dimensión europea

-Criterios de avaliación.

3. Os novos proxectos presentaranse redactados en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, en soporte papel e informático, en formato Microsoft Word.

Artigo 8º.-*Xurado.*

1. As memorias e proxectos que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado formado polos seguintes membros:

a) Presidente: o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa que designe.

b) Vicepresidenta: a presidenta do Instituto Galego de Consumo ou persoa que designe

c) Vogais:

-Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Un representante do Instituto Galego de Consumo.

-Un representante do Consello de Consumidores e Usuarios elixido polo pleno.

d) Secretaria: a xefa da Sección de Educación e Formación do Instituto Galego de Consumo.

2. O funcionamento do xurado estará regulado polas normas contidas no capítulo II do título II da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O xurado terá facultades para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das bases da presente convocatoria.

3. O xurado, de ser necesario, poderá contar co asesoramento de especialistas.

4. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos. Non obstante, no caso dos premios ás memorias presentadas polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor no curso escolar 2008/2009, o xurado poderá determinar a redistribución da contía dos declarados desertos, cando as características dos traballos así o permitan.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

As memorias serán avaliadas segundo os seguintes criterios:

a) Coherencia co modelo de currículo establecido pola Xunta de Galicia: ata 10 puntos.

b) A calidade global do traballo: ata 10 puntos.

c) A concreción dos obxectivos propostos: ata 10 puntos.

d) O carácter innovador nas metodoloxías nos recursos e nos temas que se traten: ata 10 puntos.

e) A realización dun traballo de campo: ata 10 puntos.

f) A presentación do produto final a outros grupos de alumnado ou adultos: ata 10 puntos.

g) A normalización do emprego das tecnoloxías da información e comunicación no desenvolvemento dos proxectos: ata 10 puntos.

h) A participación dun sector significativo do claustro de profesores e do alumnado das distintas etapas e niveis: ata 10 puntos.

i) A coherencia coas fases anteriores e/ou seguintes do proxecto: ata 10 puntos.

j) A calidade do deseño e a presentación: ata 10 puntos.

Artigo 10º.-*Certificación.*

A Administración educativa poderá recoñecer ao profesorado autor e coordinador dos traballos premiados, se a calidade destes así o xustifica, mediante expedición de certificado persoal, as actividades de innovación realizadas no marco desta convocatoria.

Estas últimas terán, ao abeiro do artigo 28 da Orde do 1 de marzo de 2007, pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións (DOG do 11 de abril), a consideración de actividade de formación

permanente do profesorado cunha equivalencia de 10 horas.

Artigo 11º.-Pagamento dos premios.

1. O pagamento dos premios ás mellores memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á Rede de Educación do Consumidor, farase con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009 na cal existe crédito adecuado e suficiente.

2. A dirección do centro escolar certificará que a contía total do premio se destinará ao financiamento dos gastos extraordinarios ocasionados co desenvolvemento do proxecto do cal se presenta a memoria.

3. Os/as destinatarios/as dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar a modificacións da resolución de concesión.

5. Así mesmo, en caso de incumprimento de calquera das condicións establecidas para a súa concesión, existirá a obriga de reintegro total ou parcial do premio percibido.

Artigo 12º.-Difusión e publicación.

O Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán proceder conxuntamente á reprodución, publicación e divulgación dos traballos premiados, que quedarán na súa propiedade.

A participación na convocatoria supón a aceptación de todas as bases, así como a cesión do dereito da propiedade intelectual dos traballos, nos cales se poderán introducir as variacións que se consideren máis axeitadas á súa finalidade.

Artigo 13º.-Retirada da documentación.

As persoas interesadas ou quen as represente, poderán retirar a documentación e materiais non premiados, agás a requirida, no Instituto Galego de Consumo, no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución pola que se conceden os premios no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 14º.-Resolución.

1. As solicitudes entenderanse desestimadas se o concurso de premios non se resolverse antes do 31 de decembro de 2009.

2. A proposta de concesión de premios emitida polo xurado elevaráselle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e á presidenta do

Instituto Galego de Consumo, para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o establecido na Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa, ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou a resolución, se é expresa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro, que coïden procedente.

Artigo 15º.-Réxime de recursos.

Contra esta resolución poderase recorrer potestativamente ante o órgano que a ditou, mediante recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso administrativo correspondente, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional

No non previsto nesta resolución atenderase ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa autonómica, estatal e comunitaria que resulte de aplicación.

Disposición derradeira

Facúltase á presidencia do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

María Nava Castro Domínguez
Presidenta do Instituto Galego
de Consumo



ANEXO I



PROCEDEMENTO CONCURSO PARA PREMIAR AS MELLORES MEMORIAS DOS PROXECTOS EDUCATIVOS DESENVOLVIDOS DENTRO DO MARCO DA REDE DE EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN111A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO ONDE SE DESENVOLVEU O PROXECTO

DENOMINACIÓN			
<input type="checkbox"/> PÚBLICO <input type="checkbox"/> PRIVADO <input type="checkbox"/> CONCERTADO <input type="checkbox"/> NON CONCERTADO			
DOMICILIO	CIF DO CENTRO	Nº DA C.C.	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO PROXECTO DESENVOLVIDO NO CURSO ESCOLAR 2007/2008

TÍTULO	MATERIAL QUE PRESENTA
ETAPA	CICLO
	CURSO

DATOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE

COORDINADOR/A	Nº REGISTRO DE PERSOAL	NIF	TELÉFONO DE CONTACTO
ESPECIALIDADE			

OUTROS PROFESORES PARTICIPANTES NO PROXECTO

NOME E APELIDOS	NRP	NIF
ESPECIALIDADE		
NOME E APELIDOS	NRP	NIF
ESPECIALIDADE		
NOME E APELIDOS	NRP	NIF
ESPECIALIDADE		

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** lle presta expresamente o seu consentimento ao Instituto Galego de Consumo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Don/Dona _____ como coordinador/a do proxecto titulado _____ que presenta o centro _____ remite esta instancia xunto cos exemplares da memoria, os anexos das actividades e a certificación do director/a do centro, co fin de participar nos premios ás memorias dos proxectos educativos desenvolvidos no marco da Rede Europea de Educación do Consumidor durante o curso escolar 2007/2008.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución conxunta do 10 de setembro de 2009, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, para premiar as mellores memorias resultantes dos proxectos escolares desenvolvidos dentro do marco da Rede de Educación do Consumidor, e para seleccionar novos proxectos presentados por centros educativos que desexen incorporarse á devandita rede.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO II



PROCEDEMENTO CONCURSO PARA SELECIONAR PROXECTOS DE EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR NA ESCOLA, DOS CENTROS EDUCATIVOS QUE DESEXEN INTEGRARSE NA REDE DE EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN111A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN			
<input type="text"/>			
<input type="checkbox"/> PÚBLICO	<input type="checkbox"/> PRIVADO	<input type="checkbox"/> CONCERTADO	<input type="checkbox"/> NON CONCERTADO
ENDEREZO		CIF DO CENTRO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTIVO VINCULADO ANTERIORMENTE Á REDE? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			

DATOS DO PROXECTO QUE PRESENTA

TÍTULO		TEMA/S ELIXIDO/S	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DURACIÓN DO PROXECTO	ETAPA	CICLO	CURSO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE

COORDINADOR/A	Nº REGISTRO DE PERSOAL	NIF	TELÉFONO DE CONTACTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE			
<input type="text"/>			

OUTROS PROFESORES PARTICIPANTES NO PROXECTO

NOME E APELIDOS	NRP	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE		
<input type="text"/>		
NOME E APELIDOS	NRP	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE		
<input type="text"/>		
NOME E APELIDOS	NRP	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE		
<input type="text"/>		

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** lle presta expresamente o seu consentimento ao Instituto Galego de Consumo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Don/Dona como director/a do centro , de conformidade co consello escolar e co claustro de profesores, desexa formar parte da Rede de Educación do Consumidor por un período de tres anos, e comprométese a desenvolver o proxecto de educación do consumidor na escola que se describe no anexo III desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución conxunta do 10 de setembro de 2009, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, para premiar as mellores memorias resultantes dos proxectos escolares desenvolvidos dentro do marco da Rede de Educación do Consumidor, e para seleccionar novos proxectos presentados por centros educativos que desexen incorporarse á devandita rede.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

Presidenta do Instituto Galego de Consumo



ANEXO III



DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO XENÉRICO DO PROXECTO	
<input type="text"/>	
TEMA/S ELIXIDO/S	Nº DE PARTICIPANTES
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NIVEL EDUCATIVO PARA O QUE PRESTA O TRABALLO	
<input type="checkbox"/> CPR <input type="checkbox"/> EEI <input type="checkbox"/> CEIP <input type="checkbox"/> CPI <input type="checkbox"/> IES <input type="checkbox"/> EPA <input type="checkbox"/> EE	
1.- DESCRICIÓN DO PROXECTO	
<input type="text"/>	
2.- OBXECTIVOS	
<input type="text"/>	
3.- METODOLOXÍA	
<input type="text"/>	
4.- ACTIVIDADES	
<input type="text"/>	
5.- DIMENSIÓN EUROPEA	
<input type="text"/>	
6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
<input type="text"/>	